

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027526	CEIP Mestre Pastor Barral	Melide	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 3º de Educación Primaria.

Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Presentámonos.	Lectura, entoación e comprensión. Expresar oralmente acontecementos propios. Presentacións En que lingua nos expresamos habitualmente. Expresar expectativas. Sinónimos Letra, palabra e oración. Orde alfabética. O Dicionario. Grafías c, q. As adiviñas e poemas para xogar.	11	16	X		
2	Somos iguais?	Lectura, entoación e comprensión. Descrición de compañeiros, compañeiras e animais. Sinónimos e antónimos. Suxeito e predicado Grafía g, j. O conto e a fábula.	13	18	X		
3	Bótasme unha man? O tempo	Lectura, entoación e comprensión. Descrición de lugares e obxectos. Os diminutivos e aumentativos. Palabras colectivas Palabras con r e rr. Sílabas. Clases de sílabas. Publicidade e carteis. Pronóstico do tempo.	13	20	X		
4	Coidamos	Lectura, entoación e comprensión. Texto informativo, información das imaxes nun texto. Biografía, expresar datos propios e investigar sobre os datos doutras persoas. Sustantivo Palabras derivadas. Aumentativos Palabras con mp mb O uso dos signos de interrogación e	13	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Coidamos	exclamación. Poemas e caligramas.	13	18		X	
5	Está de moda	Lectura, entoación e comprensión. Poesía divertida. Características da poesía (estrofa, verso, rima...) Poesía musicalizada, cancións, nanas. Diminutivos e aumentativos Os artigos indeterminados. Palabras rematadas en -z, -d, -y.	13	18		X	
6	Sabemos comprar	Lectura, entoación e comprensión. Texto instructivo e informativo Noticias Entrevista, saber preguntar e saber responder. Artigos e demostrativos Palabras compostas e derivadas. Palabras rematadas en -illo, -illa.	13	18		X	
7	Que hai aí? Coidamos a natureza	Lectura, entoación e comprensión. O debate, expresar a nosa opinión e respectar a dos demais. Xentilicios. Familia de palabras. Palabras ha e a. A coma. Posesivos. Adxetivo. Poemas: xogos de palabras. Noticia. Ficheiro e folleto.	12	16			X
8	De maior vou ser... Queremos un mundo xusto	Lectura, entoación e comprensión. O teatro, textos teatralizados, o diálogo. Interpretación dun personaxe. Onomatopeias. Frases feitas. Signos puntuación. Pronomes e verbo. Poemas narrados. Biografía. Entrevista	12	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Presentámonos.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	70
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa feitos persoais acontecidos.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea adiviñas a partir dun modelo dado cambiando palabras clave.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética. Separa en sílabas.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.	TI	30
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada polo alumnado e profesorado.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación.	Emprega un tono axeitado.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Aprecia a lectura de adiviñas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.

Contidos

- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos iguais?	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	70
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Describe a un/unha compañeira utilizando dúas características físicas e dúas de personalidade. Emprega un tono respectuoso.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora un pequeno conto interpretando imaxes e carteis.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Le e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado con coherencia e cohesión.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega correctamente o punto e seguido e aparte.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente grafías g/j.	TI	30
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Relaciona antónimos e sinónimos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodea.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.	TI	30
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios .		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita contos textos informativos e diferencia uns dos outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos. - Procesos: produción oral. - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Bótasme unha man? O tempo	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	70
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece slogan de publicidade e carteis.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora slogan e imaxe alusiva.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece publicidade do mesmo ámbito en castelán e galego.		
CA6.3.1. - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre substantivos e adxectivos, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega o adxectivo en concordancia co substantivo ao que acompaña.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece aumentativos e diminutivos.		
CA6.5.1. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Distingue xénero e número de substantivos. Aplica as normas de uso de r/rr. Utiliza a coma nas enumeracións.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodea.	TI	30
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Describe a un lugar ou un obxecto utilizando tres características. Emprega un tono respectuoso.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Compara publicidade de prensa escrita e televisión. Distingue unha diferenza.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Identifica e discrimina informacións falsas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.			
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. - Procesos: comprensión lectora. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación... - Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda. - Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. - Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación). - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidamos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Comprende e responde preguntas sobre un texto.	PE	70
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escrebe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escrebe un texto sinxelo integrando recursos gráfico (ilustracións).		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Narra unha breve noticia dun feito acontecido próximo.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Dadas dúas fontes, compara ,extrae información e evita duplicidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea unha biografía sinxela, a partir dunha dada, cambiando palabras clave.		
CA6.5.2. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os substantivos e concorda co artigo. Emprega mp e mb correctamente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	TI	30
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros na biblioteca.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Identifica e discrimina informacións falsas.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en actividades de exposición oral.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
5	Está de moda	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	65
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece estrofas e versos de poesías dadas.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un poema dado con coherencia e cohesión.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Le e identifica un poema entre outros fragmentos textuais.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Completa un poema coñecido.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece os versos dun poema. Recoñece rima dun poema.		
CA6.5.2. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os artigos indeterminados. Escribe correctamente palabras rematadas en -y, -z, -d		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.	TI	35
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Participa nas actividades realizadas na biblioteca.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en recitado de poemas.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le poemas. Velocidade lectora axeitada ao seu nivel.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios .		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa nas actividades de biblioteca.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos. - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Procesos: produción escrita - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.

Contidos

- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
6	Sabemos comprar	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	65
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Comprende e responde preguntas sobre un texto.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Dadas dúas fontes, compara ,extrae información e evita duplicidades.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara instrucións dun xogo en castelán e galego.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Forma palabras compostas e derivadas a partir dunha dada.		
CA6.5.3. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os artigos e demostrativos. Escribe correctamente palabras rematadas en -illo -illa.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Identifica palabras compostas e derivadas.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada polo alumnado e profesorado.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora preguntas axeitadas ao tema e persoa a tratar na entrevista.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Responde preguntas axeitadas ao tema e persoa a tratar na entrevista.	TI	35
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase coherentemente en diferentes situacións.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa opinión propia e respecta a dos compañeiros/as.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega a linguaxe sen facer discriminacións.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Procesos: produción escrita
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Modelos explícitos para reelaborar a información. - Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación). - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	Que hai aí? Coidamos a natureza	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe unha breve noticia.	PE	70
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Expresa con respecto os datos recollidos para a elaboración de noticias sobre o seu entorno.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5.4. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os posesivos e adxetivos Emprega correctamente palabras a e ha e o uso da coma.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece e clasifica palabras dunha mesma familia		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación.	Emprega un tono axeitado.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Emprega o castelán na situación comunicativa uqe o require. Produce textos curtos coherentes.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e rexeita as discriminacións feitas nun debate sobre un tema.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa opinión propia e respecta a dos seus compañeiros/as.	TI	30
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Expón unha noticia		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le un folleto e destaca o dato que máis lle chamou a atención.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Procesos: interacción oral - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral.

Contidos

- Producción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
8	De maior vou ser... Queremos un mundo xusto	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado, respondendo preguntas sobre o mesmo. Comprende o vocabulario traballado.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Exposición da información recollida sobre unha muller e realización dunha entrevista.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Busca información e identifica a relevante.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le un texto teatral. Explica se lle gustou ou non, dando unha razón.		
CA6.3.2. - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre substantivos e verbos, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega con cordancia en persoa e número o suxeito e o verbo.		
CA6.5.5. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os verbos e os pronomes persoais Utiliza correctamente os signos de puntuación, interrogación e exclamación.	TI	40
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodea.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais. Respecta as normas de cortesía.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e rexeita as discriminacións sufridas polas mulleres a través da análise das biografías de mulleres.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Dramatización de texto teatral. Participa nas actividades realizadas na biblioteca.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece as discriminacións nun texto sobre mulleres.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e identifica un fragmento teatral entre outros textos.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Procesos: produción oral.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.

Contidos

- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A Lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O mestre/a fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno/a comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademáis aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica.

Esto favorece a súa asimilación, posto que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Procuraremos manter un compoñente lúdico e o máis manipulable posible xa que aquilo ao que os/as nenos/as se acercan con boa predisposición será aceptado e asimilado con maior facilidade.

Os xogos e o material manipulable permitirán un ambiente lúdico que ademáis facilitará o traballo en equipo e a convivencia dentro da aula.

Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto

real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias. As tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples, como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Faremos propostas para traballar diversos estilos e ritmos de aprendizaxe, diferentes intelixencias, a igualdade e a inclusión social.

Para poder enfrontarse con éxito á sociedade do coñecemento e aos vertixinosos avances científicos e tecnolóxicos, fomentaremos a interdisciplinariedade, potenciando a aprendizaxe global a través de propostas que promoven a integración e a conexión de contidos doutras materias.

Nesta área os/as alumnos/as iníciase no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática, de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros/as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análisis crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva , dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Aproveitaremos a curiosidade que os/as nenos/as teñen no momento evolutivo no que se encontran, por ser esta unha das forzas motrices de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Potenciar, igualmente, a creatividade necesaria á hora de desenvolver a capacidade de formular hipóteses e plantexar solucións, para desenvolver así un pensamento que tenda á autonomía.

A familiarización cos novos entornos comunicativos e sociais que supoñen as TIC, desenvolver a capacidade do alumnado para identificar e comprender algunhas das realidades tecnolóxicas e de comunicación que están presentes no seu entorno.

Sería interesante que o alumnado tivese unha noción das novas realidades xurdidas no entorno da Informática e Internet.

Incidirase na transformación dos procesos de aprendizaxe a partir do uso das novas ferramentas e realidades tecnolóxicas. Non se trataría por tanto, únicamente, de introducir cambios menores ou puntuais nas actividades formativas senón de iniciar a capacitación do alumnado na aplicación dos coñecementos e Competencias Clave que vaia adquirindo ao entorno das TIC.

Para empezar esta tarefa, no 3º Curso da Educación Primaria deberá introducirse ao alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario. Os diferentes contidos traballarán tanto dende o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos de Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web ou dos mass-media.

Polo atractivo que os formatos dixitais teñen sobre o alumnado cabería incidir no uso das TIC nos procesos de adquisición das Competencias Clave .

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente, onde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase distribuídos así:

-Hora de lectura, un tempo de vinte minutos diarios de lectura silenciosa.

-Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, segundo as necesidades que xorden da programación diaria do profesor.

A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual.

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en 3º serán:

descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas), instrutivos (receitas, normas, regulamentos), textos discontinuos (formularios, , avisos e anuncios, cadros, gráficos, diagramas, táboas , listas, mapas) e poesía.

Consideramos á familia como unha gran colaboradora na aprendizaxe do noso alumnado, polo que as faremos copartífcies do proceso.

A familia debe coñecer os obxectivos marcados polos equipos docentes e colaborar na súa execución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas dos seus fillos/as, achegando información sobre eles/as.

Por último, destacar que consideramos fundamental despertar nos alumnos/as un

sentimento de respecto polo mundo que lles rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade dos valores.

Con eles os nenos/as acércanse á outras realidades do seu entorno, sempre dende o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lápiz, rotuladores, ceras, bolígrafos.
Material elaborado: fichas, guías.
Recursos dixitais: páxinas web, aula virtual.
Materiais de aulas específicas: aula de informática, aula de música, aula de inglés, horta escolar, biblioteca.
Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
Libros de lectura.
Libros de texto.
Materiais específicos de cada unidade.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 3º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso.

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .

Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

- 1.- Intercambio de información do equipo educativo (repetición, materias suspensas, informas e atención á diversidade, dificultades de aprendizaxe e necesidade de reforzo educativo...).
- 2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.
- 3.- Probas escritas e orais. Mediante esta avaliación acadarei a información que preciso dos meus alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:
 - Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
 - Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
 - Ditado, mediante o cal poderei comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
 - Redacción para ver a súa forma de expresarse.
 - Copia, para ver o seu grao de atención ao copiar.
 - Aspectos gramaticais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	13	13	13	13	13	12	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	65	65	70	60	68
Táboa de indicadores	30	30	30	30	35	35	30	40	32

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Por trimestres a cualificación será: 70% probas escritas e 30 % outros aspectos valorables como caderno, traballo en aula e outros indicadores.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso no que se avalíen todos os contidos dados e non superados anteriormente. .

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno/alumna en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade. Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, polo/a mestre/a especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte do mestre/a de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte do mestre/a de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos/as os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X		
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X		X		X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X		X	X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X			X		X	X

Observacións:

Aínda que todos os elementos trasnsversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á biblioteca pública na semana das bibliotecas.	Contacontos, e animación á lectura con escritores infantís.	X		
Asistencia a unha obra de teatro. (3º trimestre)	Seleccionaranse obras teatrais relacionadas cos obxectivos curriculares a acadar e ofertadas por diferentes entidades. Continuarase traballando e fomentando o gusto polo teatro mediante a nosa Compañía teatral de centro.			X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1.Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
2.Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
3.Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
4.Actividades variadas na aula.
5.Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
6.Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
7.Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
8.Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
9.Clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.
10.Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe).

11. Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.

12. Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado NEAE.

13. Uso de distintos instrumentos de avaliación.

Descrición:

A principio de curso e respectando os prazos establecidos, elaborarei a programación didáctica da área que imparto de Lingua Castelá e Literatura.

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

- Introdución e contextualización.
- Competencias Clave.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliabile e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.
- Temporalización.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía.
- Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.
- Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. (Este punto queda recollido no apartado anterior, indicadores de logro).
- Deseño da avaliación inicial.
- Medidas de atención á diversidade.
- Procedemento de información ás familias.
- Actividades complementarias e extraescolares programadas.
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles.

A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación .

Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados